

Boa noite,  
O meu nome é Sheyla Fariña.

Hai uns días un grupo de alumnas e alumnos do seu instituto viñeron ver a representación de Invisibles de Redrum Teatro en Pontevedra. Eu son unha das actrices do espectáculo e acabo de escoitar a entrevista que fixeron algunhas das alumnas en PontevedraVivaRadio e quixera facerlles chegar a esas rapazas (Carolina Ferro Rumoroso, Cristina Sanz Acuña, Carla Gutiérrez Arias, Carmen Castro Tejeiro, Romina Cerdeira Cortizo, Silvia Martín Blanco e Lucía Piña Moreira) o meu máis sincero agradecemento polas súas palabras e polas súas impresións. Fun promotora do proxecto e unha das razóns polas que quixen facer este espectáculo era precisamente para achegalo ao público adolescente como medida de prevención. Estas alumnas acaban de darlle sentido ao proxecto e estou inmensamente emocionada e agradecida, de verdade.

Ogallá sigamos atopando institutos coma o seu, involucrado neste tipo de temáticas e que achegan ao alumnado a este tipo de experiencias. De verdade, parabéns e moitísimas grazas.

Unha aperta,  
Sheyla Fariña